



OBRADOIRO DE POESÍA E MEDIACIÓN

A lúa durme no mar

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral de Políticas Culturais, convoca un Obradoiro de poesía dirixido ao persoal da Rede de biblioteca públicas de Galicia, así como a persoas relacionadas coa animación e dinamización da lectura.

Esta convocatoria farase pública a través da páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia <http://rbgalicia.xunta.gal>

Solicitudes

As persoas que desexen participar deben cubrir o formulario de solicitude telemática na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, <http://rbgalicia.xunta.gal> sen que se admitan outros modelos de solicitude.

O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria. As solicitudes recibidas fóra deste prazo non se terán en conta.

Publicación das listaxes de admitidos

A Dirección Xeral de Políticas Culturais fará pública na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia <http://rbgalicia.xunta.gal> a relación das persoas seleccionadas para participar na xornada.

Certificados

As persoas asistentes á xornada recibirán un certificado de asistencia.



Resolución de dúbidas

En caso de dúbidas ou dificultades técnicas, os interesados poderán dirixirse por teléfono ao CAU (881 99 53 00 / 881 99 54 00) ou a través do enderezo de correo electrónico cau-periferico@xunta.es

A lúa dorme no mar, poesía e mediación

OBXECTIVOS

- Convencer ás bibliotecarias e bibliotecarios que a poesía pode flotar no aire da biblioteca.
- Compartir experiencias poéticas cos/coas profesionais para facer vivas-poeticamente- as bibliotecas
- Aclarar dúbidas que se lles poidan presentar en torno á poesía e a rapazada.
- Facer sentir a emoción da poesía en voz alta.
- Propoñer certas maneiras de escribir poesía nunha biblioteca.

E para todo isto, haberá recitado de poemas por parte dos autores/as, recitado compartido, conversas, comentarios sobre as dúbidas que se poidan plantear e taller de escrita de poesía para nenos/as

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 4 h.
- Lugar e datas: 2 de Xullo
Biblioteca de Galicia. Cidade da Cultura. Santiago de Compostela

DESTINATARIOS

Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia e persoas relacionadas coa animación e dinamización da lectura.



CONTIDOS

Primeira parte

Lectura de poemas.

Ondadas do encontro: reflexións e relatos de interacción/mediación con nenos e novos
Intercambio cos asistentes. Intermedio

Segunda parte

Obradoiros e outras liñas de traballo. A voz, o ritmo e a musicalidad; os traxes da
suxerencia; as metáforas do mundo. “Baixou un pajarito vermello” e “ Aguamundos”
mostra de obradoiross para nenos, a cargo de Griselda Martínez.

Lecturas de peche.

DOCENTES

Coordinación: Antonio García Teijeiro y María Cristina Ramos

María Cristina Ramos

É arxentina e vive en Neuquén, Patagonia arxentina. É autora de máis de sesenta obras
de literatura para nenos e mozos. Recibiu distincións nacionais e internacionais. En 2002
A Fundación O libro, de Arxentina, concedeulle o Premio Pregoeiro a Especialista pola súa
tarefa de promoción da Literatura Infantil. Publicou tamén en Colombia, Perú, Chile,
Brasil, México e España. *Maíces de silencio, El trasluz, Azul la cordillera, las luna lleva un
silencio, Dentro de una palabra, Mientras duermen las piedras, Gato que duerme, El mar de
volverte a ver, Desierto de mar y otros poemas, Caminaditos*, son algúns dos seus títulos. Para
mediadores de lectura: *Aproximación a la narrativa y a la poesía para niños* e a colección *La casa
del aire, literatura en la escuela*.

Coordina talleres e programas de capacitación docente. En 2016 recibiu o Premio
Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil. Este ano é candidata por Arxentina
ao Premio Internacional Hans Christian Andersen.

Griselda Martínez





Naceu en San Rafael, Mendoza, en 1976. Reside en Neuquén desde 1978.

Cursou o Profesorado en Letras na Universidade Nacional do Comahue. É Técnica en Procesos Comunicacionais e Traballo Grupal.

Publicou: *El invitado, Cuento con reina y princesas, En el abrazo del árbol*

É coautora, con María Cristina Ramos *La casa del aire, taller literario*.

Coordina talleres de lectura e escritura para nenos, mozos e adultos.

Antonio García Teijeiro

Naceu en Vigo no ano 1952. Mestre xubilado de Ensino Primario e Primeiro Ciclo da ESO. Colaborou nas páxinas literarias e pedagóxicas dos xornais e revistas máis prestixiosos de Galicia e de España (CLIJ, Primeiras Noticias, Peonza...) así como en diversos proxectos literarios con carácter reivindicativo.

Crítico e especialista en literatura infantil e xuvenil, imparte cursos de animación á lectura, creación literaria, talleres de poesía, másteres, conferencias, e participou en xornadas didácticas e literarias promovidas por distintas institucións.

Durante oito anos dirixiu unha prestixiosa colección literaria para mozas (Colección Árbore/Ed. Galaxia), é autor de libros de texto e foi membro do xurado en importantes Premios literarios para nenos/as.

Varios dos seus libros foron incluídos nas Listas de Honra da CCEI e da revista CLIJ.

Gañou o Premio Merlín en 1996 con “ Na fogueira dos versos”, libro co que entrou na Lista de Honra do IBBY (1998) e foi finalista do premio Nacional (1997). En 1998, un xurado internacional concedeulle o Premio Europeo Pier Paolo Vergerio, promovido pola Universidade de Padua, considerado un dos máis prestixiosos galardóns literarios de Europa.

No VI Simposio sobre Literatura Infantil e Lectura da FGSR, o seu libro Versos de Agua (en galego Cacarabín, Cacarabón) foi elixido entre Os 100 do século XX.

O seu libro de relatos Trala liña do horizonte foi elixido como libro asociado do “Fórum Barcelona 2004”.

En 2006 gañou o premio de poesía “Illas Sisargas” co poemario Arredor do teu corpo, convocado pola Asociación Calderón e o Concello de Malpica.





En 2007 gañou o Premio de poesía infantil “Luna de aire”, convocado pola CEPLI / Universidade de Castilla – La Mancha, co libro Ronseis de versos escrito en colaboración co escritor Rafael Cruz- Contarini.

O seu libro Un rato díxolle á lúa recibiu o premio Fervenzas Literarias en 2014.

O libro Lendo lendas, digo versos (escrito en colaboración con Antonio Reigosa), gañou o Premio á Iniciativa Bibliográfica na “I Gala do Libro Galego” en 2016. Este libro, ademais, entrou na Lista de Honra do IBBY en 2018.

Con Poemar o mar (en castelán, Poemar el mar, recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil do Ministerio de Cultura e Educación de España en 2017.

Poemar o mar foi elixido entre os 20 mellores libros de 2018 pola Rede de Bibliotecas de Madrid e gañou o Premio Fundación Cuatrogatos de Miami (2019) no seu tramo de idade entre 1.500 libros publicados en español, tanto en España como en diversos países hispanoamericanos.

En 2018 o Concello de Vigo, a súa cidade natal e onde reside, concedeulle o galardón de Vigués Distinguido, pola súa traxectoria literaria.

Así mesmo, os seus poemas aparecen en múltiples antoloxías e en libros conxuntos, tanto en galego como en castelán ou en catalán en España e Latinoamérica. Algúns destes poemas foron musicados por grupos de Galicia e por músicos da talla de Antón Seoane, Mamá Cabra ou o mismísimo Paco Ibáñez.

Dos seus poemarios fixéronse estudos rigorosos por especialistas do xénero.

Como tradutor ao galego realizou diversos traballos dentro do campo literario infantil e xuvenil.

Dirixiu durante algúns anos o programa radiofónico semanal de música e poesía Os sons do silencio.

Durante un tempo foi columnista do semanario galego “A Nosa Terra” no que escribía sobre lectura, literatura infantil, ademais de artigos de diversa índole.

Dirixe o blogue-revista de literatura “Versos e aloumiños”.

